

O complexo dunar é o parque natural con maior afluencia de público dos existentes na comunidade, ó acaparar o 77% das visitas que se producen a estes espazos

## CORRUBEDO CATIVA

GALICIA ESTÁ Á COLA EN SUPERFICIE PROTEXIDA BAIXO ESTA FIGURA. CO 1,3% DO NOSO TERRITORIO

Redacción e Axencias Santiago

Galicia é a terceira comunidade española con menos espazo integrado en parques naturais. Así o pon de manifesto un informe de Consumer, no que se indica que as 40.661 hectáreas protexidas que suman os parques naturais de Monte do Invernadoiro, Enciña da Lastra, Baixa Limia-Serra do Xurés, Monte Aloia, Complexo Dunar de Corrubedo e As Fragas do Eume apenas representan un 1,3% do noso territorio.

A superficie protexida a través dos seis parques naturais galegos súmanselle as 8.480 hectáreas que ocupa o Parque Nacional Illas Atlánticas, única reserva que den de 2002 recibiu este recoñecemento na comunidade. Deste xeito, Galicia está moi por debaixo da media nacional, arredor do 6,39%, e só se ve superada por Madrid, con 798 hectáreas que representan o 0,01% do seu territorio e Estremadura, con 36.698 hectáreas (1,14%). Pola contra, son Asturias, con 187.000 hectáreas, e Andalucía, con 1,5 millóns, as comunidades con maior superficie protexida baixo esta figura.

### O complexo húmido eclipsa as Illas Atlánticas

Non obstante, a pesar do escaso número de hectáreas protexidas, os parques naturais galegos caracterizáronse o ano pasado por ter unha afluencia masiva de visitantes, ata converterse na cuarta comunidade con maior número de persoas que acode a un destes espazos naturais. As dunas de Corrubedo, no municipio corruñés de Ribeira, acapararon as preferencias dos turistas, ó contabilizar o 77 por cento das visitas realizadas ós parques naturais galegos. Así, unhas 300.000 persoas puideron contemplar no 2006 a maxestuosidade das montañas de area que conforman unha paraxe natural única no mundo. De feito, o encanto desta xoia da natureza chega a eclipsar o do Parque Nacional das Illas Atlánticas, o que supera en 80.000 visitantes.

O turismo é, desta vez, o encargado de destacar a excelencia do Complexo Húmido de Corrubedo,



Unha pasarela de madeira constitúe o acceso a unha das marabllas galegas: as dunas de Corrubedo

### España alberga 141 complexos

O territorio nacional conta con 127 parques naturais repartidos entre as diferentes comunidades, ademais de catorce parques nacionais. Destes, o liderado osténtao o de Tede, con 3,5 millóns de persoas contabilizadas no 2006, seguida do Timanfaya na illa de Lanzarote.

que nos últimos tempos viuse ameazado pola man do home. A presión urbanística e a actividade industrial son algúns dos problemas ós que se enfronta este espazo protexido, elixido pola cidadanía como un dos máis senlleiros de Galicia.

A extensión e a vetenaria non son determinantes á hora de liderar o ranking de visitas. De feito, Corrubedo, con 996 hectáreas, é dos complexos máis pequenos, só superado polo Monte Aloia, de 746. Así mesmo, a antigüidade que acumulan dende a súa creación

tampouco é un factor determinante. O Monte Aloia, protexido dende 1978, ocupa o terceiro lugar en nivel de afluencia a pesar de ser o máis veterano, fronte a Corrubedo, que non obtivo o seu recoñecemento ata o ano 1992.

Deste xeito, a segunda posición foi para As Fragas do Eume, ó sumar 60.000 visitas das 389.433 que obtiveron a totalidade dos parques galegos. O Monte Aloia segúille os parques de Baixa Limia-Serra do Xurés, Monte do Invernadoiro e Enciña da Lastra. ●

### OS DATOS

#### Boa nota en equipamentos

O 65 por cento dos parques naturais da comunidade galega, entre os seus existentes, dispón dun centro de interpretación que estudia as características da súa contorna e ofrece a divulgar os seus valores ós visitantes a través de actividades educativas. Esta proporción sitúa a comunidade galega por encima da media nacional.

No momento, só carece deste tipo de servizo o parque de Monte do Invernadoiro. A este respecto, as persoas que visitan as instalacións protexidas tamén refírense a unhas boas condicións de servizo do Estado.

Ademais, Galicia tamén destaca a fronte os espazos naturais doutras comunidades polo seu grao de adaptación ás necesidades das persoas con algunha clase de discapacidade. As únicas excepcións neste apartado constitúen o Parque Nacional das Illas Atlánticas e Monte do Invernadoiro.

#### Maior éxito dos nacionais

Mais de 22 millóns de persoas visitaron o ano pasado os parques naturais e nacionais de España. No entanto, a cifra experimentou un descenso do 19 por cento respecto á rexistrada no 2005. Precisamente, nos dous anos produciuse un descenso do 18 por cento do número de afectados a coñecer estes paraxes con respecto a 2004. Os datos de visitantes certificados de interpretación dos espazos protexidos baixo esta denominación en España revelan que no 2006 se contabilizaron 9,5 millóns de persoas fronte os 7,6 do ano anterior.

O informe de Consumer indica que aínda que os parques naturais superan en número e extensión ós nacionais, son os segundos que máis éxito teñen en canto a visitantes se refire. Os parques nacionais recibiron a 11 millóns de persoas no 2006 e, no mesmo período, as naturais a 9,5 millóns.